

ANIMAIS INVERTEBRADOS

CLASIFICACIÓN E CARACTERÍSTICAS

GRUPO	REPRODUCCIÓN	ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO	AMBIENTE	EXEMPLOS
PORÍFEROS	Sexual con fecundación externa. Asexual por fragmentación ou xemación.	Sen órganos. Forma irregular. Alimentación por filtración. Viven fixos ao substrato	Acuáticos mariños	Esponxas
CNIDARIOS	Sexual con fecundación externa. Asexual por xemación	Sen órganos. Simetría radial. Carnívoros. Dúas formas de vida: pólipo e medusa	Acuáticos mariños	Medusas, corais, anémonas
ANÉLIDOS vermes segmentados	Sexual , fecundación interna. Poñen ovos Hermafroditas e de sexos separados Capacidade de rexeneración (non sexual)	Órganos que forman aparatos que se repiten en cada anel. Simetría bilateral. Son bos para o solo.	Acuáticos e terrestres	Lombriga de terra, sambesuga.
MOLUSCOS	Sexual . Fecundación externa normalmente. Poñen ovos e pasan un fase de larva Hainos hermafroditas e de sexos separados	Aparatos desenvolvidos: masa visceral, cabeza, manto, pé, cavidade do manto. A maioría teñen cuncha.	Acuáticos e terrestres	Gasterópodos: Caracol. Bivalvos: mexillón. Cefalópodos: polbo.
ARTRÓPODOS	Sexual . Fecundación interna. Poñen ovos e pasan por fase larvaria. Sofren metamorfose para chegar a adulto.	Aparatos desenvolvidos. Corpo con cabeza, tórax, abdome. Con patas articuladas. Exoesqueleto. Presentan Muda.	Acuáticos e terrestres	Arácnidos: araña. Crustáceos: langostino. Miriápodos: cempés. Insectos: abella.
EQUINODERMOS	Sexual . Fecundación externa. Poñen ovos que pasan a larvas. Asexual por fragmentación	Aparatos desenvolvidos. Simetría radial. Teñen un sistema ambulacral. Esqueleto externo calcáreo e espiñoso.	Acuáticos	Ourizo de mar, estrela de mar